



Nivel 2

Competencia lingua galega

<i>Sinatura</i> <i>Firma</i>	
---------------------------------	--

Obxectivo	Avaliar as capacidades vinculadas á competencia en lingua galega.
Duración	1 hora
Estrutura da proba	A proba está integrada por 15 preguntas. 10 están relacionadas con dous textos e con elas preténdese avaliar a capacidade para comprendelos e sintetizar o seu contido. As outras 5 preguntas tratan diferentes aspectos lingüísticos.
Materiais que pode utilizar	Bolígrafo con tinta negra ou azul.
Criterios de cualificación da proba	Cada cuestión correctamente contestada ten unha puntuación de 1 punto, agás a cuestión de resposta aberta, que vale 6 puntos. A puntuación máxima é de 20 puntos.

Texto 1

URXENCIAS SANITARIAS GALICIA

A aplicación para dispositivos móbiles «Urxencias Sanitarias Galicia», dispoñible sen custo tanto para plataforma Android, como para a plataforma IOS, supón un avance significativo para a asistencia ao paciente na contorna extrahospitalaria.

Unha vez instalada a aplicación, se o paciente ou alertante chama ao 061 a través da mesma, permite á Central de Coordinación Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (CCUSG-061) xeolocalizar a chamada e, por tanto, de ser necesario, enviar o recurso asistencial con maior prontitude e precisión, feito especialmente relevante nunha comunidade como Galicia, con gran dispersión xeográfica e cun clima e orografía complexas.

A aplicación permite, se o usuario o desexa, rexistrarse e introducir os datos da tarxeta sanitaria, facilitando nese caso que o persoal sanitario da CCUSG-061 acceda con maior prontitude a súa historia clínica.

(Adaptado de <https://www.sergas.es/A-nosa-organizacion/Aplicacion-mobil-Urxencias-Sanitarias-Galicia> [28/01/2021])

1. Seleccione a opción que recolla a finalidade comunicativa do texto 1.

- A. Explicarlles aos usuarios como proporcionarlles os datos da súa historia clínica ao servizo de Urxencias Sanitarias de Galicia.
- B. Reflexionar sobre a importancia de xeolocalizar as chamadas para os servizos de urxencias sanitarias.
- C. Informar a cidadanía sobre unha aplicación telefónica para comunicar urxencias sanitarias en Galicia.

2. A xeolocalización das chamadas realizadas ao 061 é importante porque...

- A. permite acceder rapidamente aos datos clínicos dos pacientes.
- B. facilita a asistencia sanitaria con rapidez e precisión.
- C. é o medio polo que os usuarios poden contactar co servizo de urxencias.

3. «Asistencia ao paciente na contorna extrahospitalaria». Que significa a expresión *contorna extrahospitalaria*?

- A. A atención sanitaria préstase fóra dos hospitais.
- B. A atención préstase no domicilio dos pacientes.
- C. É unha atención sen custo para o paciente.

4. Por que é importante que os usuarios da aplicación «Urxencias Sanitarias Galicia» introduzan nela os datos da súa tarxeta sanitaria?

- A. Porque permite xeolocalizar a chamada e atender rapidamente calquera paciente.
- B. Porque facilita que o persoal sanitario poida acceder con rapidez á súa historia clínica.
- C. Porque en Galicia hai unha gran dispersión xeográfica da poboación.

**5. Que valoración lle merece a asistencia sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia?
Redacte un breve texto no que expoña a súa opinión razoada sobre ese tema. (Extensión
aproximada: 100 palabras)**

Texto 2

A CALIDADE DO AIRE E DA AUGA EN PONTEVEDRA

Ao longo de 2019, Pontevedra cumpriu nun 99,9 % as directrices establecidas pola Organización Mundial da Saúde (OMS) sobre a calidade do aire, de tal forma que só superou os niveis establecidos en materia de contaminación en tres horas do ano. Do mesmo xeito, seguindo o índice establecido pola Unión Europea para avaliar a calidade do aire, esta cualifícase como «boa» ou «moderada» en 310 dos días do pasado ano, un 71 %, mentres que, seguindo a metodoloxía aplicada por Meteogalicia, a calidade da aire foi «moi boa» o 87 % dos días.

O responsable de presentar os datos referidos ás diferentes fases do ciclo da auga salientou a boa calidade da auga potabilizada, de moi débil mineralización, así como o aumento da porcentaxe da cidadanía que a consome, que pasou do 36 % en 2017 ao 49 % en 2019. Cada habitante, así mesmo, gasta unha media de 114 litros de auga ao día, 24 menos que a media galega.

Por outra banda, no referente á rede de abastecemento, os datos sinalan que esta lle dá servizo a preto do 84 % da poboación, mentres que a rede de saneamento cobre ao 95 % da cidadanía, cun feito importante, que no 99 % dos casos se trata dunha «rede separativa», na que, para entendernos, as augas limpas e sucias van por vías separadas. Así mesmo, os prezos, tanto no caso do abastecemento como de saneamento, mantivéronse sen cambios nos últimos anos.

(Adaptado de <https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/pontevedra-cumpre-999-directrices-oms-calidade-aire> [01/02/2021])

6. Que finalidade comunicativa ten o texto 2?

- A. Busca denunciar unha situación insostible: o consumo de auga en Pontevedra é moi elevado e a calidade do seu aire empeora día a día.
- B. Pretende convencernos da necesidade de reducir o consumo de auga na cidade de Pontevedra e de que cómpre conservar limpo o aire.
- C. Trata de transmitir información sobre a calidade do aire de Pontevedra e sobre a súa rede de abastecemento e saneamento de auga.

7. Segundo a información que ofrece o texto 2...

- A. as dúas metodoloxías aplicadas para avaliar a calidade do aire de Pontevedra coinciden en certificar un bo nivel, malia ofrecer datos diferentes.
- B. hai contradición insalvable entre os datos de calidade do aire subministrados por Meteogalicia e os obtidos seguindo o método da Unión Europea.
- C. os datos obtidos seguindo a metodoloxía de Meteogalicia ofrecen máis fiabilidade que os obtidos seguindo as pautas da Unión Europea.

8. Seleccione a opción correcta sobre o servizo de auga en Pontevedra.

- A. A rede de abastecemento cobre máis poboación que a rede de saneamento.
- B. Malia o incremento dos prezos do abastecemento de auga, o consumo cidadán aumentou considerablemente.
- C. A auga potable é de boa calidade e de baixa mineralización.

9. Segundo o texto 2, o nivel de consumo de auga por habitante e día en Pontevedra...

- A. pasou do 36% ao 49% en 2019.
- B. é inferior á media galega.
- C. é semellante a outros municipios limítrofes.

10. «...salientou a boa calidade da auga potabilizada». Potabilizada significa que...

- A. foi sometida a un proceso de envasado.
- B. é apta exclusivamente para a rega.
- C. é apta para o consumo humano.

11. Indique cal é o enunciado correcto.

- A. «Cantos litros de auga consumes ti de media ao día? Agora consumo 120, pero antes consumía 200!».
- B. «Cantos litros de auga consumes ti de media ao día? Agora consumo 120, pero antes consumía 200!».
- C. «Cantos litros de auga consumes ti de media ao día? Agora consumo 120, pero antes consumía 200!».

12. No texto 1 indícase que a aplicación permite «xeolocalizar a chamada e, por tanto, de ser necesario, enviar o recurso asistencial con maior prontitude». Por que expresión podemos substituír *por tanto* sen que varíe o significado?

- A. Dado que.
- B. En consecuencia.
- C. Porque.

13. Como se escriben con letras os seguintes números do enunciado do texto 2 «pasou do 36 % en 2017»?

- A. Trinta e seis por cento, dous mil dezasete.
- B. Trinta e seis por cento, dous mil dazasete.
- C. Trintaeseis por cento, dousmil dezasete.

14. No enunciado do texto 2 «esta lle dá servizo a preto do 84 % da poboación», por que leva acento gráfico a palabra *dá*?

- A. Por ser aguda rematada en vogal.
- B. Por ser unha palabra monosílaba.
- C. Para diferenciala da contracción da (de + a).

15. No enunciado «Ten coidado co que lle dis, ese mátaas no aire», que significado ten a expresión *matalas no aire*?

- A. Disparar ao aire.
- B. Dar respostas rápidas.
- C. Matar por asfixia.

